



RESUMO DA XUNTANZA DA PERMANENTE DA XUNTA DE PERSOAL DOCENTE DE PONTEVEDRA COA INSPECCIÓN EDUCATIVA SOBRE A NOVA DELIMITACIÓN DAS ÁREAS DE INFLUENCIA DOS CENTROS DO CONCELLO DE PONTEVEDRA, CELEBRADA O MÉRCORES DÍA 22 DE MARZO DE 2017 NO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE CAMPOLONGO.

Asisten representantes de ANPE, CIG, CCOO, FETE-UGT e STEG (ausencia do CSIF). Pola Administración, os inspectores Román Latas Calvo, José María Alén de la Torre e Raimundo Naveira Zapata, que exerce de voceiro principal.

Comeza a xuntanza ás 10.15 horas. Os representantes da inspección expoñen que se esta reunión informativa non se celebrou con antelación foi por causa de certa precipitación na fase final do proceso de zonificación e polo atraso na convocatoria do CEM de Pontevedra no que se debería someter a aprobación. A continuación proceden a informar con certo detalle sobre os pormenores do procedemento e os criterios que seguiron para a súa elaboración. Resumidamente preséntanse a seguir:

1. Tentouse elaborar un mapa que liberase a presión sobre os centros con máis demanda e incentivase as solicitudes naqueles que soportaban menos presión.
2. Procurouse facer penetrar a zonificación dos centros periféricos no centro urbano.
3. Tentouse dotar de transporte escolar só a aqueles centros que verdadeiramente o necesitasen, procurando reduci-lo ao mínimo e favorecer o desprazamento peonil.
4. Nos casos nos que as solicitudes non cobren toda a oferta, antes de suprimir unidades procurouse redistribuír e baixar as ratios.
5. O traballo elaborado foi presentado ante o CEM, recolléronse todas as alegacións a través dos consellos escolares e foron respondidas, senón individualmente, si a través das direccións de cada centro.
6. Foi un acordo consensuado e gozou dun amplo apoio no CEM, aprobado case por unanimidade.
7. Farase unha primeira revisión no CEM no próximo mes de setembro.
8. Este ano no CEIP S. Andrés de Xeve mantense eventualmente unha dobre vía de reserva, a discreción das familias, cara o Luís Seoane ou Xunqueira II.
9. O proceso iniciárase no primeiro semestre de 2015 e fíxose un traballo exclusivamente técnico que non foi en absoluto modificado pola xefatura territorial.
10. Independentemente das diversas canles de comunicación que estean á disposición das OOS, os inspectores responsables do proxecto invítannos a que lles fagamos chegar directamente as observacións que consideremos oportunas, pois valoran positivamente a perspectiva global e imparcial, como a da propia inspección, que os sindicatos podemos achegar.

Así mesmo, entregáronnos copias cos datos a día de hoxe das prazas ofertadas e as solicitudes da cada un dos colexios do municipio, que se engaden no presente documento.

Rematou a reunión as 11.50 horas.

		Prazas ofertadas	Solicitudes	Vacantes
36006109	CEIP de Parada-Campañó	25	19	6
36006195	CEIP A Carballeira	25	7 14	11
36006122	CEIP A Xunqueira Nº 1	50	25	25
36015172	CEIP A Xunqueira Nº 2	50	36	14
36006377	CEIP Álvarez Limeses	50	60	-10
36018690	CEIP de Cabanas	25	30	-5
36019608	CEIP de Marcón	25	9	16
36006778	CEIP de Ponte Sampaio	25	14	11
36006353	CEIP de Vilaverde-Mourete	50	75 58	-8
36006407	CEIP Froebel	25	35	-10
36006390	CEIP Manuel Vidal Portela	50	29	21
36017661	CEIP Praza de Barcelos	50	27	23
36006316	CEIP Príncipe Felipe	25	12	13
36006134	CEIP San Benito de Lérez	25	12	13
36006833	CEIP San Martiño	25	23	2
36019517	CEIP Santo André de Xeve	25	8	17
36006641	CPR Calasancio	50	45	5

36014994	EEI Concepción Crespo Rivas	75	69	6
36015500	EEI de Verducido	25	4	21
36013837	EEI Fina Casalderrey	75	35	40

1000

757

243

		Prazas ofertadas	Solicitudes	Vacantes
36006109	CEIP de Parada-Campañó	25	19	6
36006195	CEIP A Carballeira	25	14	11
36006122	CEIP A Xunqueira Nº 1	50	25	25
36015172	CEIP A Xunqueira Nº 2	50	36	14
36006377	CEIP Álvarez Limeses	50	60	-10
36018690	CEIP de Cabanas	25	30	-5
36019608	CEIP de Marcón	25	9	16
36006778	CEIP de Ponte Sampaio	25	14	11
36006353	CEIP de Vilaverde-Mourente	50	58	-8
36006407	CEIP Froebel	25	35	-10
36006390	CEIP Manuel Vidal Portela	50	29	21
36017661	CEIP Praza de Barcelos	50	27	23
36006316	CEIP Príncipe Felipe	25	12	13
36006134	CEIP San Benito de Lérez	25	12	13
36006833	CEIP San Martiño	25	23	2
36019517	CEIP Santo André de Xeve	25	8	17
36006641	CPR Calasancio	50	45	5
36006705	CPR Plurilingüe Ntra. Sra. de los Dolores	75	67	8
36006237	CPR Plurilingüe Sagrado Corazón de Jesús, Placeres	50	36	14
36006699	CPR Sagrado Corazón de Jesús	75	70	5
36006675	CPR San José	25	20	5
36014994	EEl Concepción Crespo Rivas	75	69	6